

A CIG-Ensino esixe dignidade nos sectores de menores, discapacidade e educación infantil 0-3 diante do edificio de Política Social en Ourense

CIG-Ensino, CUT e SNEP chaman á responsabilidade e a seriedade a Fabiola García e a Alfonso Rueda para dar solución ao conflito aberto nestes tres sectores esenciais.



Sobre un cento de delegados/as concentráronse diante do edificio administrativo dos servizos sociais da Xunta de Galicia en Ourense, A casa de Chocolate, en solidariedade coa problemática e conflictividade laboral nos centros de menores máis grandes e de referencia na Galiza, como son os de Monteledo, Montefiz, Montealegre e Trama; para reforzar os «mércores en loita» dos centros de traballo e para berrar ben alto, unha vez máis, que o persoal traballador dos sectores de discapacidade, menores e educación infantil 0-3 non van permitir que se siga ignorando o seu traballo e a calidade da atención que prestan.

Así o expresou o responsable da CIG-Ensino na privada, Henrique García, que ademais engadiu que levamos anos tendendo a man ao diálogo e negociación, pedimos reiteradas veces unha xuntanza coa Conselleira de Política Social, Fabiola García, e cal foi a resposta? O silencio. Un silencio que é un desprezo absoluto aos axentes sociais e ás miles de persoas traballadoras que representamos, así como aos milleiros de usuarios e usuarias deste servizo social, que tamén demandan un servizo esencial de calidade.

O delegado de persoal de Monteledo Germán Estévez, agradeceu a solidariedade, apelando



á situación e unión dos tres sectores: Centros de Menores, Discapacidade e Educación Infantil. Falou en nome de Monteledo, Montefiz, Montealegre e Asociación Centro Trama, mais tendo presente que aínda que son centros que aglutinan aproximadamente 200 traballadoras e traballadores, reflexa a situación de varios centos máis. A loita que levan dende hai máis dunha década pola precarización laboral e salarial continua, a merma nos recursos viuse agravada despois da pandemia. Hai máis de dous anos que se leva demandando interlocución por parte da Consellaría de Política Social sen que a Conselleira atendese a demanda. Esíxesenos resultados, que a atención sexa excelente, pero non hai reciprocidade por parte da Xunta de Galiza, con aumento dos prezos, das hipotecas, dos alugueres, porén os salarios, en palabras de Germán están fosilizados. «É preciso

«Esíxesenos resultados, que a atención sexa excelente, pero non hai reciprocidade por parte da Xunta de Galiza, con aumento dos prezos, das hipotecas, dos alugueres, porén os salarios están fosilizados»

un complemento autonómico galego xa, que dignifique salarios, reducir as ratios, mellorar instalacións e recursos materiais e humanos, así como a protección real de persoal traballador e usuarios/as, no camiño dun convenio galego e para cada un destes sectores. Estase a pedir dignidade».

As tres organizacións sindicais manifestaron que a prioridade debe ser mellorar as condicións laborais, sociais e salariais dos 3 sectores mediante negociación colectiva, abrindo o Marco Galego de Relacións Laborais nestes sectores a través do Consello Galego de Relacións Laborais, no camiño de acadar acordos e convenios dignos e xustos na Galiza. No inmediato, segundo Henrique García, apostan por forzar a negociación de melloras complementarias que permitan incrementar salarios con complementos autonómicos (na liña do acadado en menores, sendo este o exemplo a seguir nos outros dous sectores, discapacidade e infantil 0-3, polo que non desesperemos porque a loita da froitos e é o único camiño), reducir ratios e mellorar condicións laborais, así como os recursos materiais e instalacións nos tres sectores.

A Xunta de Galicia é a responsable de que hoxe esteamos na rúa. Co seu «ninguneo» e a súa negativa a negociar non nos vai levar a dar un paso atrás na defensa da mellora das nosas condicións



«Se a Consellería non abre unha vía de diálogo real e non dá pasos para dignificar os servizos sociais, o conflito non fará máis que medrar en mobilizacións non descartando no futuro novas xornadas de paro nos tres sectores»

laborais e salariais, da baixada das ratios, da redución da carga de traballo e na obtención de salarios xustos a través dun complemento autonómico. Se a Consellería non abre unha vía de diálogo real e non dá pasos para dignificar os servizos sociais, o conflito non fará máis que medrar en mobilizacións non descartando no futuro novas xornadas de paro nos tres sectores.

Pola dignidade laboral!

Polo futuro dos servizos sociais e de calidade!

Conselleira, escoita: a educación e os coidados non se desprezan!

Ao remate da concentración delegadas de cada un dos sectores leron un manifesto no que esixiron unha vez máis con firmeza e para cada un dos sectores o seguinte:



DISCAPACIDADE (incluído o servizo de atención temperá na Galiza)

- Aplicación inmediata do total dos incrementos salariais recollidos no XVI Convenio Estatal por parte da administración, que agora mesmo están a asumir as Asociacións, repetíndose o mesmo que o ano pasado.
- Constitución dunha Mesa tripartita (administración, sindicatos e patronais) coa finalidade de dignificar os salarios coa creación dun Complemento salarial autonómico.
- Maior dotación de recursos humanos e materiais, así como baixada das ratios, que garanta unha maior seguridade e mellor coidado tanto do persoal traballador coma das persoas con discapacidade.

MENORES

- Que se cumpra coa totalidade do pago por parte da administración ás Asociacións e estas, coa aplicación inmediata a todo o persoal traballador desde a publicación no BOE do «acordo retributivo equiparador autonómico galego», recentemente asinado pola parte social e patronal do sector de menores, para así cobrar as táboas salariais aprobadas no V Convenio Estatal, sen agardar a que se adxudiquen novos concursos, contratos ou concertos, ou ate setembro de 2029 como di o convenio.
- O recoñecemento dun complemento autonómico, previa constitución dunha Mesa tripartita galega, que mellore e dignifique salarios actuais do V convenio e camiñe cara á homologación salarial nas mesmas categorías entre o persoal



que está nos distintos tipos de centros, sen ter que esperar a setembro de 2029 para dita homologación.

- A dotación urxente de máis recursos humanos e materiais, así como a mellora das instalacións en todos os centros, garantindo a seguridade e coidado tanto para o persoal traballador como para os menores.

INFANTIL 0-3

- Solicitud a Consellería da integración das escolas infantís na Consellería de Educación, recoñecendo o seu carácter educativo fronte ao asistencial.
- Unificación das táboas salariais do XIII Convenio estatal, en base á gratuidade da Xunta para todo

o sector, confluindo todas as táboas nas tipo A) de Xestión Indirecta.

- Creación dunha Mesa tripartita galega para traballar no recoñecemento dun complemento autonómico, que dignifique salarios, así como negociar a baixada das ratios e a mellora da calidade educativa.
- A dotación urxente de máis recursos humanos (parella educativa) e recursos materiais.

«Esiximos á Consellería a integración das escolas infantís na Consellería de Educación, recoñecendo o seu carácter educativo fronte ao asistencial»

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal